

A C T A 4/2020
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 3 DE XUÑO DE 2020 -

Na Casa do Concello, a tres de xuño de dous mil vinte, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.^a María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.^a María Vázquez Rey

D.^a María Dolores Nariño Facal

D.^a María Teresa Castro Framil

D.^a Lucía Calvo de la Uz

D.^a Margarita Rosende Domínguez

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.^a María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz

D.^a Carmen Diéguez González

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

- 1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 183/2020 Á 439/2020)**
- 2.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 3.- RATIFICACIÓN DECRETOS DA ALCALDÍA (NÚM. 322/2020 DO 08/04/2020, NÚMS. 338/2020, 341/2020, 342/2020, 343/2020, 344/2020 DO 20/04/2020, NÚM. 407/2020 DO 18/05/2020, NÚM. 412/2020 DO 19/05/2020 E NÚM. 438/2020 DO 28/05/2020)**
- 4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO**
- 5.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DE PSdeG-PSOE, SONDETEO, PP DE TEO E BNG, DE APOIO Á PETICIÓN DA ANPA DO IES CACHEIRAS DE SOLVENTAR OS PROBLEMAS QUE SOFRE UNHA PARTE DO ALUMNADO DE DITO CENTRO DERIVADO DO SISTEMA ACTUAL DE TRANSPORTE DO ALUMNADO OS MARTES POLA TARDE**
- 6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A DERROGACIÓN DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIZACIÓN ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCIERA, COÑECIDA COMO “LEI MONTORO”**
- 7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA**
- 8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A LINGUA GALEGA**
- 9.- MOCIÓNS**
- 10.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde explica que, en virtude do acordado pola Xunta de Portavoces, pese a data de celebración deste Pleno, se corresponde co ordinario de maio.

A continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 183/2020 Á 439/2020).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 20 de febreiro ata o 28 de maio de 2020, que comprenden os números 183 ao 439, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

“DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparecen consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, 29 de maio de 2020

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- RATIFICACIÓN DECRETOS DA ALCALDÍA (NÚM. 322/2020 DO 08/04/2020, NÚMS. 338/2020, 341/2020, 342/2020, 343/2020, 344/2020 DO 20/04/2020, NÚM. 407/2020 DO 18/05/2020, NÚM. 412/2020 DO 19/05/2020 E NÚM. 438/2020 DO 28/05/2020).

O sr. alcalde explica que neste punto da orde do día trátase de ratificar distintos Decretos da Alcaldía que, como consecuencia da situación vivida, foi preciso ditar, sen prexuízo de que precisan a correspondente ratificación plenaria.

Da conta e explica o sr. alcalde os Decretos que procede ratificar, que se incorporan a continuación.

**1.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 8 DE ABRIL DE 2020 (Nº 322/2020). ASUNTO:
IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN TEMPORAL DO CONTRATO DE XESTIÓN DO
SERVIZO DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO.**

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN TEMPORAL DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

EXPEDIENTE: 2020/G003/000331

A Organización Mundial da saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional.

A rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, requiriu a adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esa conxuntura.

Para dar resposta a esta grave crise, o Goberno de España, mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE nº 67, de 14/03/2020), durante quince días naturais, estado de alarma que foi prorrogado polo Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo (BOE nº 86, de 28/03/2020), ata as 00:00 horas do 12 de abril de 2020.

Considerando que o citado RD 463/2020, de 14 de marzo, foi modificado polo RD465/2020. De 17 de marzo (BOE nº 73, de 18/03/2020).

Neste contexto e tendo en conta as medidas de contención extraordinarias adoptadas polos goberno estatal e autonómico, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse, polo que interesa aos efectos do presente, proceder ao peche de todas as instalacións deportivas municipais dende a data citada.

O Goberno de España, mediante o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, adopta novas medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 (BOE nº 73, 18/03/2020, corrección de erros BOE nº 82, do

25/03/2020), posteriormente modificado polo Real Decreto-lei 9/2020, de 27 de marzo (BOE nº 86, do 28/03/2020) e polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo (BOE nº 91, de 01/04/2020), con efectos, neste último caso, dende a entrada en vigor do RD-lei 8/2020.

Entre as medidas adoptadas atópanse as que están encamiñadas a evitar os efectos negativos sobre o emprego e a viabilidade empresarial derivados da suspensión de contratos públicos, impedindo a resolución dos mesmos por parte de todas as entidades que integran o sector público, e a evitar que o COVID-19 e as medidas adoptadas ao efecto teñan un impacto estrutural negativo sobre esta parte do tecido produtivo.

Así, para evitar que o COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as CCAA ou a Administración local para combatelo poidan dar lugar á resolución de contratos do sector público recóllese no Real Decreto-lei 8/2020 citado un réxime específico de suspensión dos mesmos.

De acordo co exposto, o artigo 34 do Real Decreto-lei 8/200 regula as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

Tratándose dos contratos de concesión de servizos, o apartado 4 do artigo citado establece que nos citados contratos, *“vixentes á entrada en vigor do citado real decreto-lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo, darán dereito ao concesionario ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante, segundo proceda en cada caso, a ampliación da súa duración inicial ata un máximo do 15% ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato. Dito reequilibrio en todo caso compensará aos concesionarios pola perda de ingresos e o incremento dos custes soportados, entre os que se considerarán os posibles gastos adicionais salariais que efectivamente houberen aboado, respecto aos*

previstos na execución ordinaria do contrato de concesión do servizo durante o período de duración da situación de feito creada polo COVID-19. So se procederá a dita compensación previa solicitude e acreditación fidedigna da realidade, efectividade e importe polo contratista de ditos gastos.

A aplicación do disposto neste apartado so procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo”.

Considerando que D. Victor Manuel Reyero Rodríguez, en representación de AQUAFIT GESTIÓN S.L., co CIF 94017225, concesionaria da xestión do servizo de “Piscinas municipais do Concello de Teo, mediante escrito de 23 de marzo de 2020 solicita que *“se recoñeza expresamente polo órgano de contratación: A imposibilidade de executar temporalmente o contrato dende o 14 de marzo de 2020 como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración Local para combatelo, aos efectos do previsto no artigo 34.4 do RD ley 8/2020 de 17 de marzo (BOE de 18 de marzo de 2020)”* (rex. entrada nº 275, do 23/03/3030).

Considerando o disposto na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, referido á suspensión de prazos administrativos, en concreto no seu apartado 1, segundo o cal se suspenden termos e se interrompen os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, prazos que se reanudarán no momento no que perda vixencia o citado real decreto, ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo, e no seu apartado 4 (modificado polo RD 465/2020), segundo o cal, *“sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, dende a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación de aqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”.*

Considerando que tratándose do contrato de xestión do servizo de “Piscinas municipais do Concello de Teo”, ao que se refire o presente, o órgano de contratación é o Pleno municipal.

Considerando que, segundo o Decreto da Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), quedaron suspendidas as convocatorias e sesións de todos os órganos Colexiados do Concello de Teo, entre eles o Pleno da Corporación.

Por todo o exposto, considerando o excepcional da situación creada polo COVID-19, esta Alcaldía no uso das súas atribucións contidas na lexislación de réxime local, en especial o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

RESOLVO:

Primeiro.- Estimar o solicitado por D. Víctor Manuel Reyero Rodríguez, en representación de AQUAFIT GESTIÓN S.L., co CIF B94017225, concesionaria da xestión do servizo de “Piscinas municipais do Concello de Teo” mediante escrito de 23 de marzo de 2020 (rex. Entrada 999, nº 275 do 23/05/2020) e apreciar a imposibilidade de executar temporalmente o contrato dende o 14 de marzo de 2020, como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo para combatelo, aos efectos do previsto no artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

Segundo.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes, facéndolle constar que contra o a mesma, que pon fin a vía administrativa, poderanse interpor os recursos previstos no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso-administrativo, advertíndolle que, en todo caso, de acordo co disposto nas disposicións adicionais 2ª e

3ª do RD 463/2020, do 14 de marzo, quedan en suspenso os prazos para a interposición, no seu caso, do recurso contencioso administrativo.

Cuarto.- Facer público o presente nos termos esixidos pola normativa aplicable.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 8 de abril de 2020 (nº 322/2020).

2.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 20 DE ABRIL DE 2020 (Nº 338/2020). ASUNTO: POS+2020. CONTINUACIÓN EXPEDIENTE PO+2020 E CORRECCIÓN NOME DA OBRA EN PARQUE MONTOUTO NO ACORDO PLENARIO DE 16 DE DECEMBRO DE 2019.

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: POS+2020. CONTINUACIÓN EXPEDIENTE POS+ 2020 E CORRECCIÓN NOME DA OBRA EN PARQUE MONTOUTO NO ACORDO PLENARIO DE 16 DE DECEMBRO DE 2019

EXPEDIENTE: 2020/G003/000346

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, aprobando os proxectos das obras incluídas no citado Plan, que se detallan nas táboas incorporadas no acordo plenario, aprobando así mesmo o Plan Complementario do ano 2020, no que se incluíron os investimentos financeiramente sostibles que se detallan así mesmo nas táboas referidas, aprobando así mesmo os proxectos en cuestión.

Considerando que, entre os proxectos incorporados no Plan complementario do ano 2020, atópase o de “Reurbanización da rúa Rosalía de Castro, Parque de Montouto

parroquia de Cacheiras”, obra que, erroneamente, no acordo plenario do 16 de decembro de 2019 se recolleu como “Reurbanización de Parque Montouto”.

Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña, recibido o 17 de abril de 2020, no que se pon de manifesto que a denominación da obra que figura no Plan complementario como “Reurbanización do parque de Montouto” non se axusta á denominación do proxecto que figura aprobado polo Concello, xa que a denominación correcta que figura no proxecto é a de “Reurbanización da rúa Rosalía de Castro, Parque de Montouto parroquia de Cacheiras”.

Considerando o disposto no artigo 53 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, por remisión deste, no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Páxina 1 de 5 Considerando que, segundo o último dos artigos citados, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando que, no suposto ao que se refire o presente, trátase de eliminar un erro no acordo plenario do 19 de decembro de 2019, concretamente na denominación da obra sinalada, que debe ser a que como tal aparece recollida no proxecto, sen que con esta corrección se altere o contido do acto administrativo, limitándose a eliminar un erro evidente e palmario detectado no citado acordo plenario, que resulta alleo a calquera valoración, opinión ou criterio de aplicación, ao tratarse dun erro que se aprecia tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo no que se advirte, concretamente neste caso verificando o nome da obra segundo o proxecto da mesma incorporado ao expediente.

Considerando que o Goberno de España, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (en adiante Real Decreto) e as prórrogas sucesivas. Considerando que, conforme aos apartados 1 e 2 da disposición adicional terceira do Real Decreto citado, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos de todas as entidades do sector público, reanudándose

o cómputo dos prazos no momento en que perda vixencia o estado de alarma declarado no Real Decreto 463/2020 ou as prórrogas do mesmo.

Considerando que, segundo o Real Decreto 487/2020, do 10 de abril (BOE nº 101, do 11 de abril), o estado de alarma atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 26 de abril, nas mesmas condicións que no Real Decreto 463/2020. Considerando que, pese á citada regra xeral de suspensión contida nos apartados 1 e 2 da disposición adicional terceira do Real Decreto, hai que ter en conta as excepcións á mesma recollidas nos apartados 3 e 4 da mesma.

Considerando que, a instancia da Deputación Provincial, o requirimento de corrección ao que se refire o presente, así como outros que foron debidamente notificados ao Concello, deben ser atendidos á maior brevidade posible. Considerando os prexuízos que para o Concello de Teo se derivarían no caso de que non se atenderán debidamente os requirimentos citados, retrasándose a tramitación do expediente do POS+2020, co conseguinte retraso na contratación das obras en cuestión, co prexuízo que iso suporía para o interese público, máxime se temos en conta a situación de parálise da actividade económica ocasionada polo COVID-19, que esixe adoptar as medidas necesarias para que, cando as circunstancias o permitan, se poida proceder á contratación das obras que teña previsto executar o Concello, contribuíndo así a reactivación da economía. Considerando que, de acordo con todo o exposto, o Concello de Teo está conforme con que, segundo se desprende do requirimento da Deputación, non se suspenda a tramitación do expediente referido ao POS+2020.

Considerando que a competencia para proceder á corrección do erro advertido corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser este o que adoptou o acordo que debe ser debidamente corrixido. Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse, entre outras medidas, suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles os Plenos municipais.

Considerando que a estes efectos débese ter en conta non so o requirido pola Deputación Provincial, non senso de que a corrección debe realizarse á maior brevidade posible, senón tamén que, segundo o acordado polo Pleno da Corporación,

na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, facultase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do citado acordo e o correspondente expediente.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”, para poder atender aos requirimentos formulados pola Deputación Provincial no citado expediente e evitar os prexuízos que para o Concello de Teo suporía non atender debidamente os requirimentos en cuestión, de acordo coa disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma.

Segundo.- Corrixir o erro material detectado no acordo plenario do 16 de decembro de 2019, cambiando a denominación da obra de “Reurbanización de Parque Montouto” pola que aparece no proxecto “Reurbanización da rúa Rosalía de Castro, Parque de Montouto parroquia de Cacheiras”, quedando o citado acordo, no seu apartado segundo, redactado conforme se recolle a continuación: “Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES	38.014,96
PROXECTO DE EXECUCIÓN DA REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	256.243,02
SANEAMENTO EN CASALONGA	198.262,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL	40.838,26

EN FORNELOS	
URBANIZACION DO NÚCLEO DE CASTRO	230.384,00
REURBANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, PARQUE DE MONTOUTO PARROQUIA DE CACHEIRAS	380.133,60
TOTAIS	1.143.876,55

Terceiro.- Remitir o presente á Deputación Provincial por medio da Plataforma SUBTEL habilitada ao efecto.

Cuarto.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 20 de abril de 2020 (nº 338/2020).

3.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 20 DE ABRIL DE 2020 (Nº 341/2020). ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA. CONCELLO DE TEO. POS COMPLEMENTARIO 2020.

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA. CONCELLO DE TEO. POS COMPLEMENTARIO 2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000349

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña, aprobando os proxectos das obras incluídas no

citado Plan, que se detallan nas táboas incorporadas no acordo plenario, aprobando así mesmo o Plan Complementario do ano 2020, no que se incluíron os investimentos financeiramente sostibles que se se detallan así mesmo nas táboas referidas, aprobando así mesmo os proxectos en cuestión.

Considerando que, entre os proxectos incorporados no Plan complementario do ano 2020, atópase o de “Reforma e ampliación da casa común de Oza”.

Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña sobre documentación presentada para participar no POS+2020, recibido o 14 de abril de 2020, no que se pon de manifesto a necesidade de corrixir algunhas deficiencias do proxecto correspondente ao investimento citado, á vista do informe emitido, tras a supervisión do proxecto en cuestión, polo Servizos Técnicos da Deputación.

Visto o “PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACION DA CASA COMÚN DE OZA. CONCELLO DE TEO”, redactado polo arquitecto municipal, de 14 de abril de 2020.

Considerando que a competencia para proceder á aprobación do proxecto citado corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser este o que acordou, con data de 19 de decembro de 2019, a aprobación do proxecto que debe ser obxecto de corrección. Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse, entre outras medidas, suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles os Plenos municipais.

Considerando que a estes efectos débese ter en conta non so o requirido pola Deputación Provincial, non senso de que a corrección das deficiencias detectadas no proxecto deba realizarse á maior brevidade posible, senón tamén que, segundo o acordado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, facultase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do citado acordo e o correspondente expediente.

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo

COVID-19 (en adiante Real Decreto), estado de alarma que, segundo o Real Decreto 487/2020, do 10 de abril, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 26 de abril, nas mesmas condicións que no Real Decreto 463/2020.

Considerando que, de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto citado, mediante Decreto da Alcaldía de 20 de abril de 2020 (res. 338/2020), resolveuse continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”, para poder atender aos requirimentos formulados pola Deputación Provincial no citado expediente e evitar os prexuízos que para o Concello de Teo suporía non atender debidamente os requirimentos en cuestión.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o “PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA. CONCELLO DE TEO”, redactado polo arquitecto municipal, de 14 de abril de 2020.

Segundo.- Remitir o presente á Deputación Provincial por medio da Plataforma SUBTEL habilitada ao efecto.

Terceiro.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 20 de abril de 2020 (nº 341/2020).

4.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 20 DE ABRIL DE 2020 (Nº 342/2020). ASUNTO: APROBACION DO PROXECTO MODIFICADO DE “AFIRMADO E

**ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR-AUGAS MANSAS.
CONCELLO DE TEO”, POS +2020.**

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACION DO PROXECTO MODIFICADO DE “AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR-AUGAS MANSAS. CONCELLO DE TEO”, POS +2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000350

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, aprobando os proxectos das obras incluídas no citado Plan, que se detallan nas táboas incorporadas no acordo plenario, aprobando así mesmo o Plan Complementario do ano 2020, no que se incluíron os investimentos financeiramente sostibles que se detallan así mesmo nas táboas referidas, aprobando así mesmo os proxectos en cuestión.

Considerando que, entre os proxectos incorporados no POS +2020, atópase o de “Afirmado e acondicionamento en Vilar e Augas Mansas”. Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña sobre documentación presentada para participar no POS+2020, recibido o 6 de febreiro de 2020, no que se pon de manifesto a necesidade de corrixir algunhas deficiencias do proxecto correspondente ao investimento citado, á vista do informe emitido, tras a supervisión do proxecto en cuestión, polo Servizos Técnicos da Deputación.

Visto o proxecto de “AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR-AUGAS MANSAS. CONCELLO DE TEO”, redactado polo arquitecto municipal, do 14 de abril de 2020.

Considerando que a competencia para proceder á aprobación do proxecto citado corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser este o que acordou, con data de 19 de decembro de 2019, a aprobación do proxecto que debe ser obxecto de corrección.

Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse, entre outras medidas, suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles os Plenos municipais.

Considerando que a estes efectos débese ter en conta non so o requirido pola Deputación Provincial, non senso de que a corrección das deficiencias detectadas no proxecto deba realizarse á maior brevidade posible, senón tamén que, segundo o acordado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, facultase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do citado acordo e o correspondente expediente.

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (en adiante Real Decreto), estado de alarma que, segundo o Real Decreto 487/2020, do 10 de abril, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 26 de abril, nas mesmas condicións que no Real Decreto 463/2020.

Considerando que, de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto citado, mediante Decreto da Alcaldía de 20 de abril de 2020 (res. 338/2020), resolveuse continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”, para poder atender aos requirimentos formulados pola Deputación Provincial no citado expediente e evitar os prexuízos que para o Concello de Teo suporía non atender debidamente os requirimentos en cuestión.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto “AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN VILAR-AUGAS MANSAS. CONCELLO DE TEO”, redactado polo arquitecto municipal, do 14 de abril de 2020.

Segundo.- Remitir o presente á Deputación Provincial por medio da Plataforma SUBTEL habilitada ao efecto.

Terceiro.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 20 de abril de 2020 (nº 342/2020).

5.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 20 DE ABRIL DE 2020 (Nº 343/2020). ASUNTO: APROBACION DO PROXECTO “ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA”. POS COMPLEMENTARIO 2020.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACION DO PROXECTO “ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA”. POS COMPLEMENTARIO 2020 **EXPEDIENTE:** 2020/G003/000351

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, aprobando os proxectos das obras incluídas no citado Plan, que se detallan nas táboas incorporadas no acordo plenario, aprobando así mesmo o Plan Complementario do ano 2020, no que se incluíron os investimentos financeiramente sostibles que se detallan así mesmo nas táboas referidas,

aprobando así mesmo os proxectos en cuestión. Considerando que, entre os proxectos incorporados no Plan complementario do ano 2020, atópase o de “Saneamento en Casalonga”.

Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña sobre documentación presentada para participar no POS+2020, recibido o 14 de abril de 2020, no que se pon de manifesto a necesidade de corrixir algunhas deficiencias do proxecto correspondente ao investimento citado, á vista do informe emitido, tras a supervisión do proxecto en cuestión, polo Servizos Técnicos da Deputación.

Visto o proxecto de “ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA”, redactado polo arquitecto municipal, de marzo de 2020, asinado o 20 de abril de 2020. Considerando que a competencia para proceder á aprobación do proxecto citado corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser este o que acordou, con data de 19 de decembro de 2019, a aprobación do proxecto que debe ser obxecto de corrección.

Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse, entre outras medidas, suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles os Plenos municipais.

Considerando que a estes efectos débese ter en conta non so o requirido pola Deputación Provincial, non senso de que a corrección das deficiencias detectadas no proxecto deba realizarse á maior brevidade posible, senón tamén que, segundo o acordado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, facultase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do citado acordo e o correspondente expediente.

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (en adiante Real Decreto), estado de alarma que, segundo o Real Decreto 487/2020, do 10 de abril, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 26 de abril, nas mesmas condicións que no Real Decreto 463/2020.

Considerando que, de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto citado, mediante Decreto da Alcaldía de 20 de abril de 2020 (res. 338/2020), resolveuse continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”, para poder atender aos requirimentos formulados pola Deputación Provincial no citado expediente e evitar os prexuízos que para o Concello de Teo suporía non atender debidamente os requirimentos en cuestión.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de “ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA”, redactado polo arquitecto municipal, de marzo de 2020, asinado o 20 de abril de 2020.

Segundo.- Remitir o presente á Deputación Provincial por medio da Plataforma SUBTEL habilitada ao efecto.

Terceiro.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 20 de abril de 2020 (nº 343/2020).

6.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 20 DE ABRIL DE 2020 (Nº 344/2020). ASUNTO: APROBACION DO “PROYECTO MODIFICADO PARA LA REURBANIZACIÓN DEL NÚCLEO DE CASTRO, SAN JUAN DE CALO”. POS COMPLEMENTARIO 2020.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACION DO “PROYECTO MODIFICADO PARA LA REURBANIZACIÓN DEL NÚCLEO DE CASTRO, SAN JUAN DE CALO”. POS COMPLEMENTARIO 2020

EXPEDIENTE: 2020/G003/000352

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, aprobando os proxectos das obras incluídas no citado Plan, que se detallan nas táboas incorporadas no acordo plenario, aprobando así mesmo o Plan Complementario do ano 2020, no que se incluíron os investimentos financeiramente sostibles que se que se detallan así mesmo nas táboas referidas, aprobando así mesmo os proxectos en cuestión.

Considerando que, entre os proxectos incorporados no Plan complementario do ano 2020, atópase o de Urbanización do núcleo de Castro. Visto o requirimento da Deputación Provincial da Coruña sobre documentación presentada para participar no POS+2020, recibido o 14 de abril de 2020, no que se pon de manifesto a necesidade de corrixir algunhas deficiencias do proxecto correspondente ao investimento citado, á vista do informe emitido, tras a supervisión do proxecto en cuestión, polo Servizos Técnicos da Deputación.

Visto o “PROYECTO MODIFICADO PARA LA REURBANIZACIÓN DEL NÚCLEO DE CASTRO, SAN JUAN DE CALO”, redactado polo arquitecto técnico municipal, do 31 de marzo de 2020.

Considerando que a competencia para proceder á aprobación do proxecto citado corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser este o que acordou, con data de 19 de decembro de 2019, a aprobación do proxecto que debe ser obxecto de corrección. Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse,

entre outras medidas, suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles os Plenos municipais.

Considerando que a estes efectos débese ter en conta non so o requirido pola Deputación Provincial, non senso de que a corrección das deficiencias detectadas no proxecto deba realizarse á maior brevidade posible, senón tamén que, segundo o acordado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, facultase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do citado acordo e o correspondente expediente.

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (en adiante Real Decreto), estado de alarma que, segundo o Real Decreto 487/2020, do 10 de abril, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 26 de abril, nas mesmas condicións que no Real Decreto 463/2020.

Considerando que, de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto citado, mediante Decreto da Alcaldía de 20 de abril de 2020 (res. 338/2020), resolveuse continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”, para poder atender aos requirimentos formulados pola Deputación Provincial no citado expediente e evitar os prexuízos que para o Concello de Teo suporía non atender debidamente os requirimentos en cuestión.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o “PROYECTO MODIFICADO PARA LA REURBANIZACIÓN DEL NÚCLEO DE CASTRO, SAN JUAN DE CALO”, redactado polo arquitecto técnico municipal, do 31 de marzo de 2020.

Segundo.- Remitir o presente á Deputación Provincial por medio da Plataforma SUBTEL habilitada ao efecto.

Terceiro.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 20 de abril de 2020 (nº 344/2020).

7.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 18 DE MAIO DE 2020 (Nº 407/2020). ASUNTO: PARTICIPACIÓN NO POS ADICIONAL 2/2020. REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA.

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: PARTICIPACIÓN NO POS ADICIONAL 2/2020. REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA

EXPEDIENTE: 2020/G003/000435

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o 16 de decembro de 2019, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, e así mesmo acordou aprobar o Plan Complementario do ano 2020, no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican, e aprobar os correspondentes proxectos.

Considerando que, atendendo o requirido pola Deputación Provincial, o citado acordo plenario do 16 de decembro de 2019 foi debidamente corrixido mediante Resolución da Alcaldía do 20 de abril de 2020 (res. 338/2020).

Considerando que en virtude do exposto, as obras incluídas no POS +2020 son as que se detallan a continuación:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES, LUCÍ	38.014,96
REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	256.243,02
SANEAMENTO EN CASALONGA	198.262,71
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN FORNELOS	40.838,26
URBANIZACION DO NÚCLEO DE CASTRO	230.384,00
REURBANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CSTRO, PARQUE DE MONTOUTO PARROQUIA DE CACHEIRAS	380.133,60
TOTAIS	1.143.876,55

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial sobre a aprobación da modificación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2020” para regular o POS+ Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 e o POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, modificación que foi publicada no BOP nº 66 do 5 de maio de 2020.

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial específica relativa ao POS+ Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, na que se indica que a asignación ao Concello de Teo neste Plan Adicional 2/2020 ascende a 239.454,48 euros.

Considerando que o Concello unicamente poderá destinar esta maior achega provincial asignada ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, ben aos incluídos no Plan Complementario ao POS + 2020, xa aprobados condicionados á existencia de crédito para o seu financiamento, ou ben a outros novos investimentos financeiramente sostibles.

Considerando que entre as dúas alternativas posibles, na última delas (incluír neste POS adicional 1/2020 novos investimento financeiramente sostibles non incluídos no Plan Complementario ao POS + 2020), os prazos de xestión para o/s novo/s investimento/s son máis longos, porque o Pleno do Concello debe aprobar unha nova solicitude con outro/s investimento/s, e a correspondente documentación debe presentarse na Deputación para a súa revisión.

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, estado de alarma que, segundo o Real Decreto 514/2020, do 8 de maio, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 24 de maio, nas mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, e nas disposicións que o modifican, aplican e desenvolven, sen prexuízo do establecido nos artigos 3 e ss do RD 514/2020.

Considerando que, de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto citado, mediante Decreto da Alcaldía de 20 de abril de 2020 (res. 338/2020), resolveuse continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”.

En virtude do exposto, considerando que segundo o acordado plenario do 16 de decembro de 2019 facultouse expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do citado acordo e o correspondente expediente, e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2020**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

A) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
REFORMA E AMPLIACIÓN DA CASA COMÚN DE OZA	239.454,48	16.788,54	256.243,02
TOTAL	239.454,48	16.788,54	256.243,02

B) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	239.454,48	16.788,54	256.243,02
TOTAL	239.454,48	16.788,54	256.243,02

O proxecto da obra e os demais documentos requiridos nas Bases, son os que este concello presentou no seu momento na convocatoria POS+2020.

Segundo.- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal do investimento incluído no POS + adicional 2/2020.

Terceiro.- Dar traslado do presente á Deputación Provincial para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 18 de maio de 2020 (nº 407/2020).

**8.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 19 DE MAIO DE 2020 (Nº 412/2020). ASUNTO:
APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO. AREA RECREATIVA HORTA DO
CURA FASE I (POS+ ADICIONAL 1/2019).**

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Aprobación do proxecto modificado. Area Recreativa Horta do Cura Fase I (POS+ Adicional 1/2019)

EXPEDIENTE: 2020/G003/000442

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 18 de decembro de 2018, acordou aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2019”, e así mesmo acordou aprobar o plan complementario.

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial sobre a elaboración do POS + ADICIONAL 1/2019 por maior achega desa Deputación, de data 30/04/2019, e considerando que segundo a mesma a cantidade que definitivamente lle corresponde ao Concello de Teo no POS + ADICIONAL 1/2019 ascende a 621.616,76 euros.

Tendo en conta que por Resolución de Alcaldía de data 6 de maio de 2019 (rectificada mediante Resolución de Alcaldía de 10 de maio de 2019 (res 343/19)), acordouse participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2019, no que se incluía o investimento denominado “AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I”, cun importe de proxecto de 439.998,88 euros.

Tendo en conta que dito proxecto foi informado desfavorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en data 25/02/2019, solicitando se emendase a documentación

presentada, remitindo o Concello dita documentación en resposta ao requirido en data 05/07/2019.

Logo de ver a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 23 de agosto de 2019, relativa á solicitude de autorización de obras na Area Recreativa Horta do Cura, de data 23/08/2019 (rex. entrada nº 5256, de 26/08/2019), na que se autorizan as obras da área recreativa solicitadas.

Tendo en conta que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2019, aprobou o proxecto modificado da obra “AREA RECREATIVA HORTA DO CURA FASE I”, de data xullo de 2019, incluída no POS + Adicional 1/2019.

Logo de ver o requirimento de documentación do Deputación de Coruña, de data 15/11/2019, expediente: 2019000015092, en relación aos erros materiais do proxecto remitido.

Visto o proxecto denominado “MODIFICADO DE PROYECTO. AREA RECRATIVA “A HORTA DO CURA” LUOU. TEO”, redactado por Naos 04 Arquitectos, SLP, do 29 de abril de 2020.

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, estado de alarma que, segundo o Real Decreto 514/2020, do 8 de maio, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 24 de maio, nas mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, e nas disposicións que o modifican, aplican e desenvolven, sen prexuízo do establecido nos artigos 3 e ss do RD 514/2020.

Considerando que, conforme aos apartados 1 e 2 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos de todas as entidades do sector público, reanudándose o cómputo dos prazos no momento en que perda vixencia o estado de alarma declarado no Real Decreto 463/2020 ou as prórrogas do mesmo.

Considerando que, pese á citada regra xeral de suspensión, hai que ter en conta as excepcións á mesma recollidas nos apartados 3 e 4 da citada disposición adicional.

Considerando que, de acordo co apartado 4 da disposición adicional terceira (na redacción dada polo RD 465/2020, do 24 de marzo), dende a entrada en vigor do RD 463/2020, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Considerando que, segundo o artigo 6 do RD 463/2020, do 14 de marzo, referido á xestión ordinaria dos servizos, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas necesarias no marco das ordenes directas da autoridade competente aos efectos do estado de alarma e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 5 do citado RD.

Considerando que por medio do presente preténdese dar cumprimento ao requirimento da Deputación Provincial, anteriormente citado, que pretende ser atendido una vez que o concello dispón do Proxecto da obra debidamente corrixido.

Considerando os prexuízos que para o Concello de Teo se derivarían no caso de que non se atenderán debidamente o requirimento citado, retrasándose a tramitación do expediente do POS + Adicional 1/2019, co conseguinte retraso na contratación da obra en cuestión, co prexuízo que iso suporía para o interese público, máxime se temos en conta a situación de parálise da actividade económica ocasionada polo COVID-19, que esixe adoptar as medidas necesarias para que, en canto sexa posible, se poida proceder á contratación das obras que teña previsto executar o Concello, contribuíndo así a reactivación da economía.

Considerando que, de acordo con todo o exposto, o Concello de Teo está conforme con que non se suspenda a tramitación do expediente referido ao POS+ Adicional 1/2019.

Considerando que a competencia para proceder á aprobación do proxecto citado corresponde ao Pleno da Corporación, ao ser este o que acordou, con data de 18 de decembro de 2018 e 25 de setembro de 2019, a aprobación do proxecto que debe ser obxecto de corrección.

Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse, entre outras medidas, suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles os Plenos municipais.

Considerando que a estes efectos débese ter en conta que, segundo o acordado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 18 de decembro de 2018, facultase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do citado acordo e o correspondente expediente.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2019”, para atender ao requirimento formulado pola Deputación Provincial no citado expediente e evitar os prexuízos que para o Concello de Teo suporía non atender debidamente os requirimento en cuestión, de acordo coa disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma.

Segundo.- Aprobar o “MODIFICADO DE PROYECTO. AREA RECRATIVA “A HORTA DO CURA” LUOU. TEO” (POS+ Adicional 1/2019), redactado por Naos04 Arquitectos, SLP, do 29 de abril de 2020.

Terceiro.- Remitir o presente á Deputación Provincial por medio da Plataforma SUBTEL habilitada ao efecto.

Cuarto.- Dar conta do presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, aos efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 19 de maio de 2020 (nº 412/2020).

9.- DECRETO DA ALCALDÍA DO 28 DE MAIO DE 2020 (Nº 438/2020). ASUNTO: SOLICITUDE POS+ADICIONAL 1/2020, PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Solicitud POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19

EXPEDIENTE: 2020/G003/000473

Vista a modificación das Bases Reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles (BOP nº 66, do 5 de maio de 2020).

Estando este Concello interesado en acceder ao financiamento do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 que convoca esa

Deputación e coñecendo e aceptando as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, estado de alarma que, segundo o Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 7 de xuño nas mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, e nas disposicións que o modifican, aplican e desenvolven, sen prexuízo do establecido nos artigos 3 e ss do RD 537/2020.

Considerando que, conforme aos apartados 1 e 2 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos de todas as entidades do sector público, reanudándose o cómputo dos prazos no momento en que perda vixencia o estado de alarma declarado no Real Decreto 463/2020 ou as prórrogas do mesmo.

Considerando que, pese á citada regra xeral de suspensión, hai que ter en conta as excepcións á mesma recollidas nos apartados 3 e 4 da citada disposición adicional.

Considerando que, de acordo co apartado 4 da disposición adicional terceira (na redacción dada polo RD 465/2020, do 24 de marzo), dende a entrada en vigor do RD 463/2020, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Considerando que, segundo o artigo 6 do RD 463/2020, do 14 de marzo, referido á xestión ordinaria dos servizos, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas necesarias no marco das ordenes directas da autoridade competente aos efectos do estado de alarma e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 5 do citado RD.

Considerando que por medio do presente preténdese solicitar o POS+adicional 1/2020, cuxo prazo remata as 15:00 horas do 29 de maio de 2020, antes de que se levante a suspensión de prazos administrativos recollida na disposición adicional terceira do RD 463/2020, prazos que, segundo o RD 537/2020, do 22 de maio, reanudaranse o 1 de xuño de 2020.

Considerando que, de acordo coa disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, mediante Decreto da Alcaldía de 20 de abril de 2020 (res. 338/2020), resolveuse continuar o expediente do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020”.

Considerando que, segundo as bases reguladoras, concretamente a 12.4, o órgano competente é o Pleno da Corporación, pois se ben se refire, ao indicar a documentación que procede presentar, á certificación do acordo adoptado polo órgano competente do concello, se sinala que se ese acordo *“fose adoptado por un órgano municipal distinto ao Pleno, deberá ratificarse polo Pleno na primeira sesión que se realice, e presentarse posteriormente a correspondente certificación do acordo plenario adoptado como documentación adicional..”*.

Considerando que, ante a situación actual de crise sanitaria motivada polo COVID-19, mediante Decreto desta Alcaldía de 16 de marzo de 2020 (nº 265/2020), resolveuse, entre outras medidas, suspender a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, entre eles os Plenos municipais.

Considerando que a estes efectos débese ter en conta que, segundo o acordado polo Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 16 de decembro de 2019, facultase expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do expediente referido ao POS +2020.

Considerando que, segundo as Bases da convocatoria as solicitudes de participación no POS Adicional 1/202 presentaranse no período comprendido entre o 11 de maio e as 15:00 horas do 29 de maio de 2020.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2020” da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	63.854,53 €
---	-------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia	33.880,84	25.899,48- Xunta	7.981,36
b) Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.			
d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario	21.664,92	0,0	21.664,92
f)Adquisición de medios de prevención (EPI).	3.267,89	0,0	3.267,89
g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.	30.858,91	0,0	30.858,91
h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes			
i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.	162,92	0,0	162,92
T O T A L	89.835,48	25.899,48	63.936,00

Segundo.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre, para a súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acordar ratificar o Decreto da Alcaldía do 28 de maio de 2020 (nº 438/2020).

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 5 de marzo de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 28 de maio de 2020.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO

Vista a acta de inicio do contrato de XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO asinada o día 2 de agosto de 2010 por D. Antonio Álvarez Domínguez en representación da entidade UTE GESECO-CESPA TEO, CIF U-27743772, adxudicataria segundo contrato asinado o día 22/07/2010.

Visto que o contrato ten unha duración de 10 anos a partir do día da sinatura da acta de comezo da prestación do servizo que tivo lugar o 2 de agosto de 2010, e que de acordo ca cláusula 4 do PCAP pode ser prorrogado por períodos anuais sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 12 anos, e sen que a prórroga se poida producir por consentimento tácito das partes, indicando que a

prórroga deberase solicitar polo concesionario cunha antelación mínima de seis meses antes da finalización do contrato ou da súa prórroga, e acordarase polo órgano de contratación.

Visto que con data 08/01/2020, nº de rexistro de entrada 175, a UTE GESECO-CESPA presenta solicitude de prórroga polo período dun ano.

Visto que con data 11/02/2020, nº de rexistro de saída 328 requíreselle documentación a efectos de continuar ca tramitación da prórroga, que con data 24/02/2020 presenta a documentación requirida.

Visto o certificado de Intervención de data 20 de febreiro de 2020, sobre existencia de crédito na aplicación orzamentaria 2020 1623/227.99 para o cumprimento das obrigas que se derivan para o ano 2020.

Tendo en conta que a competencia para acordar a prórroga corresponde ao Pleno como órgano de contratación.

Considerando o disposto no RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Acordar a prórroga, polo período dun ano, comprendido entre o 2 de agosto de 2020 ata o 1 de agosto de 2021, do contrato de XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE TEO, asinado entre o concello de Teo e a entidade UTE GESECO-CESPA TEO, CIF U-27743772, adxudicataria do contrato, e que tiña unha duración inicial de dez anos, mantendo as condicións contractuais vixentes.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización da prórroga en documento administrativo.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á intervención municipal aos efectos oportunos”.

O sr. alcalde explica que, como se comentou na Comisión Informativa, o contrato remata o 2 de agosto, engadindo que se trata dun proceso que polo montante ten regulamentación europea cuns prazos complicados. Salienta que a idea é abrir un proceso de forma inmediata, no que se discuta de todo, conxuntamente e xa, este mes ou o seguinte, porque antes de final de ano se queren ter tomadas todas as decisións, estando abertos a discutir o que sexa preciso para sacar conxuntamente unha proposta, porque se trata ademais dunha contratación de moitos anos e a decisión que se tome ten unha transcendencia importante.

Explica o sr. alcalde que polo tanto proponse facer unha prórroga dun ano, co obxecto de iniciar ese proceso de contacto, de concreción e de debate.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que vista a solicitude de GESECO, totalmente regrada, o seu grupo vai a apoiar a prórroga, manifestando a disposición do seu grupo para participar nese debate, para lograr o mellor dos sistemas que xere o marco que mellore a recollida de residuos sólidos urbanos e mellore a recollida para os/as veciños/as de Teo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Acordar a prórroga, polo período dun ano, comprendido entre o 2 de agosto de 2020 ata o 1 de agosto de 2021, do contrato de **XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA NO**

CONCELLO DE TEO, asinado entre o concello de Teo e a entidade UTE GESECO-CESPA TEO, CIF U-27743772, adxudicataria do contrato, e que tiña unha duración inicial de dez anos, mantendo as condicións contractuais vixentes.

Segundo.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización da prorroga en documento administrativo.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á intervención municipal aos efectos oportunos.

5.- DITAME DA MOCIÓN CONXUNTA DE PSdeG-PSOE, SONDETEO, PP DE TEO E BNG, DE APOIO Á PETICIÓN DA ANPA DO IES CACHEIRAS DE SOLVENTAR OS PROBLEMAS QUE SOFRE UNHA PARTE DO ALUMNADO DE DITO CENTRO DERIVADO DO SISTEMA ACTUAL DE TRANSPORTE DO ALUMNADO OS MARTES POLA TARDE.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de educación, cultura, administración e participación veciñal, D.^a María Josefa Argibay da Silva.

A sra. Argibay da conta da moción conxunta do PSdeG-PSOE, Son de Teo, PP e BNG, do 13 de marzo de 2020 (rex. entrada nº 1612), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 28 de maio de 2020.

“MOCIÓN CONXUNTA DE PSdeG-PSOE , SONDETEO, PP DE TEO, E BNG, DE APOIO Á PETICIÓN DA ANPA DO IES CACHEIRAS DE SOLVENTAR OS PROBLEMAS QUE SOFRE UNHA PARTE DO ALUMNADO DE DITO CENTRO DERIVADO DO SISTEMA ACTUAL DE TRANSPORTE DO ALUMNADO OS MARTES POLA TARDE

Ao amparo do disposto no artigo 22.2.b do Regulamento de Organización Municipal do Concello de Teo, os Grupos Municipais asinantes presentan para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a moción de Apoio á petición da ANPA do IES de

Cacheiras de solventar os problemas dunha parte do alumnado de dito centro derivados do sistema actual de transporte do alumnado os martes pola tarde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a Xunta directiva da ANPA do IES de Cacheiras, infórmannos da situación que sofre unha parte do alumnado de dito centro debido a problemas derivados do transporte e do horario do mesmo.

Según nos expón a ANPA, ao mediodía dos martes, as clases rematan ás 14.20 horas, pero como hai autobuses que fan dúas viaxes, este alumnado debe agardar ata que volva o autobús para desprazarse ata o seu domicilio. Estes mesmos autobuses tamén teñen que facer dúas viaxes de volta ao instituto, e empezan transportando á liña máis longa polo que este alumnado, o último en saír do instituto e en chegar á súa casa, é o que primeiro ten que saír de volta para o centro.

Debido a esta situación atopámonos con algúns casos nos que este alumnado só ten entre 15 e 20 minutos para comer.

Dende a ANPA, cren que a maioría destas situacións poderían solucionarse reaxustando as clases en horario de mañá, e suprimindo as do martes pola tarde. E tanto o profesorado do centro como toda a comunidade educativa están de acordo por unanimidade na modificación proposta.

Asemade, tamén aportan como argumento o aforro importante de cartos que suporía eliminar o uso de 26 servizos de transporte cada tarde de martes.

Malia que desde o Concello o curso pasado se tentou paliar a situación concedendo un servizo de garda e custodia do alumnado afectado, coa contratación dun monitor para que este alumnado puidese quedar no centro, consideramos que esta non é a solución ao problema, senón que pola contra está ocasionando un gasto innecesario, xa que se solucionaría levando a cabo a proposta da comunidade educativa.

Por parte da ANPA tivéronse varias reunións coa Xefatura Territorial, a cal despois de crear expectativas, acabou informando desfavorablemente a proposta, pero tampouco aportou solución ao problema plantexado.

Engadir que o Consello Escolar do IES, tamén se manifestou a favor da proposta da ANPA. Dito apoio queda manifestado na acta do Consello Escolar, da data 28 de xuño de 2019.

Por todo o anterior, **PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

Primeiro.- Apoiar a petición da ANPA do IES de Cacheiras de solicitar o reaxuste das clases en horario de mañá, e suprimindo as do martes pola tarde.

Segundo.- Solicitar desde a Concellalía de Educación unha reunión conxunta ca conselleira, para acudir xunto con representantes da comunidade educativa, co obxecto de solicitar a solución do tema da maneira máis beneficiosa para o alumnado do IES de Cacheiras.

Terceiro.- Remitir o presente acordo á conselleira de Educación, e ó director xeral de centros da Xunta de Galicia”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que tal e como manifestaron á Anpa están totalmente de acordo coa moción, engadindo que como nese caso poderían quedar varias liñas libres se podían aproveitar para dar servizo aos nenos de Campos de Mirabel, para levar ao alumnado do CEIP de Calo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

A sr. Sánchez anuncia o apoio do seu grupo. Sinala que se trata dun vello problema e é absolutamente unánime, sendo unha iniciativa da Anpa, que está moi activa nesta cuestión, e so por iso merece o absoluto apoio do seu grupo. Sinala que é certo que atópase unha dificultade legal, esperando que entre todos poidan facer forza para que se consiga.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Apoiar a petición da ANPA do IES de Cacheiras de solicitar o reaxuste das clases en horario de mañá, e suprimindo as do martes pola tarde.

Segundo.- Solicitar desde a Concellalía de Educación unha reunión conxunta ca conselleira, para acudir xunto con representantes da comunidade educativa, co obxecto de solicitar a solución do tema da maneira máis beneficiosa para o alumnado do IES de Cacheiras.

Terceiro.- Remitir o presente acordo á conselleira de Educación, e ó director xeral de centros da Xunta de Galicia.

6.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A DERROGACIÓN DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL, DE ESTABILIZACIÓN ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCIERA, COÑECIDA COMO “LEI MONTORO”.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel Anxo Fernández Baz.

O sr. Fernández da conta da moción do seu grupo de 4 de maio de 2020 (rex. entrada 999 nº 364, de 05/04/2020), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión Especial de Contas, de 28 de maio de 2020.

“O Grupo municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno sobre a derogación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coñecida como “Lei Montoro”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma do art. 135 da Constitución Española, promulgada o 27 de setembro de 2011, estableceu o marco que determinarían os seguintes anos os férreos límites ao gasto público, o endebedamento e a capacidade de investimento das entidades públicas. Na súa disposición adicional única establecía, entre outras cuestións, que antes do 30 de xuño de 2012 debería estar aprobada a Lei Orgánica á que se fai referencia no citado artigo 135.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coñecida como Lei Montoro, no seu capítulo II establece tres regras fiscais básicas:

- Equilibrio ou superávit estrutural.
- Limite á ratio da débeda ao 60% do PIB. (3% as entidades locais).
- Regra de gasto. Na que se dispón que o gasto computábel non pode superar a taxa de referencia do crecemento do PIB a medio prazo.

Dos datos que dispomos, a débeda viva dos concellos españois a 31/12/2018 era de 20.952 millóns de euros e a das deputacións de 4.472 millóns. No caso galego a débeda aínda é moito menor; abonda citar que a das catro deputacións non chega aos 22 millóns de euros (21,949 millóns), e a de todos os concellos galegos non chegaba aos 252 millóns (251,488 millóns). Posiblemente a día de hoxe estas cantidades sexan substancialmente máis baixas dado que estes son datos de 2018. Este dato é transcendente, xa que implica que as entidades locais galegas cumpren sobradamente a ratio de débeda sen tan sequera chegar ao 0,5% do PIB.

O superávit dos concellos tense que destinar obrigatoriamente a amortización de débeda, aínda que, de xeito discrecional os orzamentos do estado permitan anualmente destinalo a investimentos financeiramente sostíbeis, con toda unha serie de condicionantes moi difíciles de cumprir (resulta imposible utilizar as baixas na s adxudicacións, non computa o que non se executa dentro do período computábel...). Polo tanto os concellos foron amortizando débeda e moitos deles teñen débeda cero e non poden destinar o superávit a outros fins.

Son moitos os concellos que se ven obrigados a incumprir a regra de gasto, dada a especificidade dos concellos así como a lexislación específica na materia (LRHL), coas consecuencias no desenvolvemento dos seus orzamentos que isto implica.

Dado que aos concellos imposibilitóuselles, na práctica, a utilización do superávit

orzamentario, é necesario que nestes momentos de grave crise se poidan destinar os remanentes orzamentarios de anos anteriores para aqueles fins que se consideren precisos, aínda que isto supoña incumprir a regra de gasto ou incorra en inestabilidade. É hora de rescatar ás persoas e non aos bancos.

Hoxe máis que nunca é necesario derrogar a Lei Orgánica 2/2012 para que dende os concellos e as deputacións se poidan adoptar políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica, xa que esta Lei é un grave obstáculo nestes momentos nos que o necesario é rescatar ás persoas

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Teo a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno do Estado para esixir a derogación da Lei de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, Lei Orgánica de 2/2012, de 27 de abril, nesta situación de grave crise, para que deste xeito se poidan destinar os remanentes orzamentarios do Concello de Teo a políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica”.

O sr. Fernández sinala que é o momento de rescatar ás persoas, non aos bancos, e deixar de ter os bancos como prioridade.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo sinala que este Lei tiña como obxectivo aprender do que ocorrera na anterior crise, para non repetir os mesmos erros, e aproveitar o momento de bonanza económica para controlar o déficit e a débeda pública. Este obxectivo cumpriuse co goberno de Rajoy, que minorou o déficit do 10 ao 2,5 por cento, e así mesmo as Comunidades Autónomas foron reducindo o seu déficit de xeito progresivo e os Concellos pasaron a ter superávit orzamentario.

Sinala a sra. Calvo que, tratándose da utilización do superávit, hai que lembrar que no ano 2018 o goberno de Rajoy xa pactara coa FEMP a utilización do superávit orzamentario para mellorar a calidade da vida dos veciños. Esta semana a FEMP anunciou esta semana, concretamente o 20 de abril de 2020, un acordo co goberno central para permitir aos concellos utilizar o superávit no proceso de desescalada, quedando unicamente por ver se o sr. Sánchez vai a cumprir o seu compromiso.

Remata a sra. Calvo a súa intervención sinalando que cree que a moción se trata dun brindis ao sol, porén aínda así o seu grupo vaise a abster.

O sr. alcalde anuncia o apoio do seu grupo. Sinala que facer valoracións sobre sostenibilidade financeira e coñecer a realidade dos concellos está moi ben, porén hai cuestións que están fora de toda lóxica, como é a limitación da regra de gasto, non tanto polo límite que supón, senón por cuestións como a que lle aconteceu a Teo, de que basta que un ano gastes menos para que o seguinte teñas que gastar menos, limitando drasticamente a autonomía municipal. Remata o sr. alcalde a súa intervención sinalando que a Administración Local foi das Administracións máis responsables na xestión do déficit.

O portavoz do BNG, sr. Fernández, di que se reafirma no que di o sr. alcalde de que esta lei afecta a todas as Administracións e a local é a máis penalizada, porque se están utilizando as cifras da Administración local para cadrar incluso a *ratio* de débeda do propio Estado e doutras Administracións. Os concellos son Administracións de maior idade e saben xestionar os seus recursos e saben cales son as necesidades dos/as veciños/as.

Refírese o sr. Fernández ás competencias impropias e sinala que se asumen polos concellos e non se recibe a financiación correspondente. Sinala que se se presta unha competencia autonómica e se recibe unha parte moi pequena para a prestación do servizo, hai un problema porque non hai cartos ou porque aínda téndoos, están no banco, pero hai que atender o servizo, porque os servizos a quen se lle piden é ao concello.

Preguntado polo sr. alcalde, os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno do Estado para esixir a derogación da Lei de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, Lei Orgánica de 2/2012, de 27 de abril, nesta situación de grave crise, para que deste xeito se poidan destinar os remanentes orzamentarios do Concello de Teo a políticas activas de emprego, solidariedade e reactivación económica.

7.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA.

O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel Anxo Fernández Baz.

O sr. Fernández da conta da moción do seu grupo de 4 de maio de 2020 (rex. entrada 999 nº 365, de 05/04/2020), que se recolle a continuación.

“O Grupo municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno para a elaboración dun plan galego de reactivación económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e social que xa estamos a vivir como consecuencia da pandemia da Covid-19, vai ter unha virulencia especial na Galiza, cunha situación económica xa moi debilitada e dependente.

Nesta situación é imprescindible facer políticas valentes e decididas que rachen coa dinámica “reformista”, de parcheo, que o único que fai é sustentar o sistema, rebotando os efectos da crise sobre os sectores sociais menos favorecidos, sendo os grandes beneficiados, se non o remediamos, a banca e as grandes corporacións económicas.

Os concellos non teñen competencias estruturais en materia económica e política fiscal, e as

decisións que se poidan adoptar para facer fronte á crise desde este ámbito van depender das medidas que adopten o Estado español e a Xunta de Galiza.

Para que a administración local poida despreparar a súa capacidade de actuación nesta situación é fundamental a derogación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (“Lei Montoro”), en tanto que recolle as tres regras fiscais (estabilidade, regra de gasto e débeda) para priorizar o pago da débeda aos bancos. Esta Lei, que deriva da modificación do artigo 135 da Constitución española pactada en 2011 por PSOE e PP, limita moito as posibilidades de actuación das diferentes administracións, quedando reducidas a actuacións de beneficencia.

Están a ser cada vez máis preocupantes as informacións publicadas en distintos medios de comunicación sobre a intención do Ministerio de Facenda de utilizar os depósitos remanentes municipais, no canto de permitir que sexan utilizados polos concellos en actuacións da súa competencia. Esta decisión deixaría á administración local sen ningunha capacidade de acción.

Nunha situación como a que estamos a vivir é fundamental a elaboración de mecanismos de solidariedade social nacionais: claridade dos recursos dispoñíbeis en cada nivel de intervención pública, priorización no emprego colectivo destes recursos para que cheguen a quen os precisa (sen que dependa do concello no que residan) e exercicio responsábel das competencias de cada institución, evitando duplicidades, solapamentos e baleiros inadmisíbeis.

Para acadar isto é preciso elaborar un plan galego de reactivación económica e social, consensado entre as distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais. Un plan que debe ser o resultado dun proceso dirixido polo Goberno galego e refrendado polo Parlamento galego.

Neste proceso, a FEGAMP, como asociación dos concellos e deputacións galegas, debe xogar un papel fundamental sen delegar na FEMP a representación dos concellos galegos, que van ver máis diminuída a súa capacidade de intervención, investimento e gasto se a interlocución municipal ten como referencia o mapa municipal estatal.

Dada a estrutura da economía galega, cunha elevadísima porcentaxe de traballadores e traballadoras por conta propia e pequenas empresas, o plan galego debe ter especialmente en conta a súa situación e establecer axudas directas, complementarias das do Estado, para que poidan desenvolver a súa actividade. Así pois, debe haber unha actuación urxente do Goberno galego para atender a estes sectores da economía, como xa aprobaron outras comunidades autónomas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar a Xunta de Galiza á iniciación dun plan galego de reactivación económica, consensado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais. Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.

2. Instar a Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do Estado, a autónomos e PEMES.

3. Instar a FEGAMP e a Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.

4. Manifestar a firme oposición da corporación municipal de Teo a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que Galicia xa puxo en marcha o comité de expertos económicos para propoñer medidas en distintos eidos para afrontar, en mellores condicións, a nova situación económica e para analizar o impacto da pandemia na economía galega. As medidas deste comité trasladaranse aos interlocutores sociais, grupos parlamentarios galegos, e ao goberno central.

Con respecto á preocupación de incautación dos fondos locais, sinala a sra. Calvo que o Partido Popular oporase radicalmente a calquera intento de incautación dos remanentes de tesourería e dos aforros dos Concellos, xa que os recursos das entidades locais non poden ser a táboa de salvación para un goberno que dende xullo de 2018 foi incapaz de aprobar uns orzamentos xerais do Estado.

Sinala a sra. Calvo que, tratándose da moción, quería presentar unha emenda *in voce*, engadindo que se trata dunha emenda transaccional que consta dos tres puntos seguintes:

“1.- Instar á Xunta de Galicia a seguir implementando medidas de apoio a autónomos e Pemes. Estas medidas deben seguir adoptándose escoitando as propostas dos colectivos afectados así como as dos interlocutores sociais, no proceso de dialogo social aberto, e o comité de expertos económicos creado para analizar o impacto da pandemia na economía galega e afrontar nas mellores condicións a nova situación e promover a recuperación económica.

2.- Instar ao goberno de España a non utilizar os poderes excepcionais que lle confire o estado de alarma nin outros subterfuxios legais para apropiarse dos aforros das entidades locais, respectando a autonomía financeira das entidade locais.

3.- Instar ao goberno de España a flexibilizar as regras para que as entidades locais poidan utilizar o seu superávit para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar contra a pandemia, sempre en coordinación coas Comunidades Autónomas e co Estado”.

O sr. alcalde sinala que en principio non ten problema en que se debata a emenda, aínda que pediría que cando se trate de emendas tan amplas, para algo están as Comisións informativas, onde se pode facer un debate previo e valorar o tema con seguridade, porque non se está falando da modificación dun renglón senón de algo máis.

Co permiso da presidencia interveño eu, secretaria da Corporación, e sinalo que vou a dar lectura ao artigo 97.5 do ROF, segundo o cal a emenda é unha proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao Presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto, previsión que hai que completala co que se regula no artigo 31.5 do ROM, segundo o cal de formularse emenda *in voce* durante a sesión unicamente poderá aceptarse o seu

debate por acordo da maioría dos asistentes. Lembro aos/ás concelleiros/as que, tal e como xa se puxo de manifesto noutras ocasións, hai que ter en conta que as emendas teñen que ser efectivamente emendas, é dicir non se pode utilizar a figura da emenda para converter a moción que se pretende emendar noutra moción diferente, cuestión esta que se debe ter en conta polos/as concelleiros/as.

O sr. Fernández sinala que o seu grupo no vai a aceptar a proposta de transacción porén, se non hai ningún tipo de limitación legal clara, por eles non hai problema en que se presente e debata a emenda, aínda que se se chegara a un acordo de que cando haxa emendas se presenten na Comisión, se pode ser, ou polo menos ou con tempo suficiente, para poder estudalas, algo que se podería acordar agora para aplicalo de aquí en adiante.

O sr. alcalde pide aos diferentes que se pronuncian sobre a pertinencia ou non do debate da emenda.

Aberta a primeira quenda de intervención, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus sinala que o seu grupo non vai a apoiar a emenda porque non é unha emenda *in voce* senón que é unha nova moción, e cando ela debate as cousas o fai en base a argumentos e algo escrito. A sra. Lemus di que pode entender que se faga coas mocións de urxencia, pola súa urxencia, non nos demais casos. Considera a sra. Lemus que é curioso que sempre veña do mesmo partido, engadindo que as normas non deben ser todos os días estiradas como chicles.

O concelleiro do PP, sr. Sánchez, lembra que o sr. alcalde, de forma sorpresiva, o día que se votaba nada máis e nada menos que a constitución do goberno municipal coas correspondentes dedicacións, o fixo por sorpresa, *in voce*, e houbo que parar un Pleno para que alguén pensara cal ía a ser o seu posicionamento. Sinala o sr. Sánchez que esta é a diferenza e o tratamento que se lle da ao PP.

O sr. alcalde sinala que para que o sr. Sánchez vexa que hai que argumentar e tendo en conta que o sinalado lle parece un bo argumento, non se van a opoñer ao debate senón que se van a abster.

A sra. Calvo sinala que respecta todas as posicións pero o Regulamento o permite, polo que non se está quitando nada da manga.

O sr. alcalde anuncia a abstención do seu grupo, ben entendido que é porque a argumentación do sr. Sánchez o permite, aínda que non é estritamente equiparable, porque un suposto diferente é cando non existen Comisións informativas previas, como o suposto que sinalou o sr. Sánchez. Sinala que, máis alá de que hoxe non se opoñan, o lóxico e o desexable é que estes debates se manteñan nas Comisións Informativas, e evitar así que se fagan e se cobren Comisións nas que nunca se di nada, polo que é preferible que se utilicen as Comisións precisamente para o que son, que é para iso.

Sometida a votación a pertinencia do debate sobre a emenda formulada polo grupo municipal do PP, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor – 7 (PP)
- Votos en contra – 4 (PSdeG-PSOE)
- Abstencións – 6 (4 Son de Teo e 2 BNG)

Salienta o sr. alcalde que queda entón admitido o debate da emenda.

Procédese a continuación a expoñer os posicionamentos sobre a *emenda in voce*.

O sr. Fernández sinala que, xa sinalaba antes, que non é unha emenda que teña encaixe coa exposición de motivos nin co espírito da moción, engadindo que en todo caso a partir deste momento debería quedar claro que deben de evitarse estas situacións. Sinala que en relación co punto 1 el coñece o comité de expertos e o seu informe, porén descoñece cales son as medidas do goberno da Xunta. Sinala que cando vexa as medidas que se está aplicando poderá posicionarse fronte a elas, porén

considera que a Xunta de Galicia está facendo bastante pouco neste contexto de crise económica e social, no marco da pandemia.

Sinala que, tratándose do punto 2, no contexto dunha moción que se pretende un plan de recuperación económica no ten sentido meter este punto, todo o mundo está en contra de que se utilice o estado de alarma para cometer abusos, e o teñen todos claro e queda exposto no Congreso dos Deputados, polo que na súa moción non tería sentido e non corresponde co espírito da mesma.

Tratándose do punto 3 da moción considera o sr. Fernández que este punto é como instar a que se derroque a Lei Montoro. Sinala que o seu grupo considera que esta proposta non ten cabida na moción do seu grupo, e polo tanto a rexeitan, mantendo a súa moción tal cual, considerando que é a que hai que votar.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia que non van a apoiar a emenda porque non ten nada que ver co que se estaba a falar. Considera que máis que unha emenda *in voce* o grupo municipal do PP podería ter feito unha moción de urxencia. Explica que as mocións cando a chegan a Pleno, debatidas en Comisións, son unha especie de argumentario marcado do que quere ese partido político que se presente. Ata agora as emendas *in voce* foron sobre elementos puntuais, erros, modificación dalgunha palabra, etc. Sinala a sra. Lemus que a concepción do debate dunha moción política dun partido político merece todos os respectos e considera que pode estar máis ou menos de acordo con moitas cousas que se presentan, porén intenta non deturpar o sentido e o contido dunha moción que presenta un partido político, e presenta a súa propia.

A sra. Lemus considera que a emenda do grupo municipal do PP é unha nova moción e introduce elementos que non teñen nada que ver coa moción que se pretende emendar. Considera que o problema neste caso é como se fan as cousas, engadindo que, tratándose das formas, se deben unha serie de normas comúns.

Sinala a sra. Lemus que pretender, como sempre, que evitando determinados debates, no caso das mocións de urxencia pola falta de concreción sobre as peticións que se realizan na mesa, ou os compromisos plenarios que adoptan cando votan, ou este tipo de emendas, teñen outro sentido. Considera que o PP busca outro obxectivo que non é o propio debate, e se é así habería que pensar un pouco o que se está facendo e como se está facendo.

As emendas *in voce* tamén teñen un sentido, que non é deturpar totalmente o sentido dunha moción previa que presente un grupo, de aí que se vote, porque senón non se votaría, porque as emendas que se presentan previamente, non se vota a admisión, se presentan por escrito, con antelación, se sabe de que vai e se pode debater con normalidade. Porén a emenda *in voce*, non se pode debater como tal, salvo que sexa unha cousa moi concreta, non estes tres puntos que non teñen nada que ver co tema.

Remata a súa intervención a sra. Lemus reiterando que non se trata dunha emenda *in voce* senón doutra figura.

O sr. alcalde sinala que consideran que non ten cabida na moción o plantexado, sobre todo porque as emendas *in voce* deben ser concretas e definitivas, e cando se meten polo medio comité de expertos e non saben as súa conclusións, ou peor si que as saben porque coñecen que tipo de expertos escolle o Partido Popular para a elaboración dese tipo de asesoramento, pois claro, pero no fondo non están apoiando ou rexeitando medidas concretas, senón xeneralidades das que non teñen concreción.

Intervén a concelleira do PP, sra. Calvo, e di que respecta as posturas plantexadas porén o Regulamento o permite, engadindo que as conclusións dos Comités son públicas, polo que so hai que miralas.

O sr. alcalde sinala que miralas agora mesmo, é o problema da emenda *in voce*.

A sra. Calvo sinala que o sr. Fernández comentaba o seu descoñecemento do que está facendo a Xunta, e da información ao efecto sobre as medida adoptadas, como

aprazamento das contas e amortización de xuros dos préstamos formalizados coa Xunta de Galicia, suspensión de prazos para a presentación de impostos, de transmisións e patrimoniais, como sucesións e tributos de xogos, anticipo aos traballadores por ertes xa autorizados, etc.

O sr. alcalde explica que a continuación vaise proceder a someter a votación a emenda formulada polo grupo municipal do PP, e de seguido, en función do resultado, a moción do BNG emendada ou a moción tal e como se presentou.

Sometida a votación a emenda formulada pola grupo municipal do PP, obtense o seguinte resultado:

Votos a favor – 7 (7 PP)

Votos en contra – 10 (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG)

Abstencións – 0

De acordo co resultado da votación, o sr. alcalde sinala que se vai a someter a votación a moción do BNG tal e como está formulada.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete en contra (7 PP), acorda:

- 1. Instar a Xunta de Galiza á iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais. Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.**
- 2. Instar a Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do Estado, a autónomos e PEMES.**
- 3. Instar a FEGAMP e a Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.**

4. Manifestar a firme oposición da corporación municipal de Teo a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.

Sendo as vinte horas e cincuenta e catro minutos sae do Salón de Plenos o concelleiro do PP, D. José M. Guerra Calvelo, que se incorpora pasados dous minutos.

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A LINGUA GALEGA.

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira do BNG, D.^a Carmen Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 15 de maio de 2020 (rex. entrada 999 nº 449), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de persoal, comunicación, normalización lingüística, mocidade e medio natural de 28 de maio de 2020.

“O Grupo municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno sobre a lingua galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de normalización da lingua galega realizado até o día de hoxe por parte das administracións públicas non foi suficiente para garantir o dereito a vivir libremente na lingua propia de Galiza. A día de hoxe constátanse importantes vulneracións á legalidade vixente como o Estatuto de Autonomía, a Lei de normalización lingüística ou a Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias, mais tamén existe un importante desleixo por parte da Xunta de Galiza á implementación de políticas que favorezan o uso do galego e contribúan a aumentar o número de galegofalantes. A política lingüística emprendida polo actual goberno galego non vai na dirección correcta e así o demostran os diferentes estudos realizados polo Consello da Cultura Galega (CCG) e a Real Academia Galega (RAG) en relación á lingua galega.

Asistimos a un panorama onde as persoas galegofalantes non gozamos de dereitos que nos amparen no uso do idioma día a día, resulta evidente que a pouca lexislación que pode protexernos non se aplica mentres que as máis de 500 disposicións legais que obrigan e protexen o castelán fanse cumprir rigorosamente. Resulta rechamante que sexa a propia Xunta de Galiza e

outras administracións públicas as que incumpren os mandatos legais.

As políticas promovidas polo Partido Popular están lonxe de contribuír o uso da lingua galega, máis ben están provocando todo o contrario, cuxo máximo emblema é o Decreto do plurilingüismo. Este decreto prohíbe dar certas materias no idioma propio do país, furtándolle á mocidade a posibilidade de adquirir coñecementos en galego e, polo tanto, incumprindo co mandato de garantir que o alumnado teña o mesmo nivel de competencias nas dúas linguas oficiais.

Alén do decretazo, o Partido Popular segue traballando arreo na minorización do galego pois non hai máis que ver como o señor Núñez Feixóo xa se dirixe ao pobo galego en castelán nas súas comparecencias durante a pandemia provocada pola COVID-19. O presidente da Xunta, con esa actitude, só incide nos prexuízos cara á lingua galega. Por outra banda, vemos como as súas políticas van orientadas ao monocultivo do Xacobeo, mentres partidas orzamentarias para o fomento da lingua e da cultura galegas se viron drasticamente reducidas. Concretamente as políticas de fomento da lingua galega apenas superan os 8,5 millóns de euros cando en 2008 destinábanse 23 millóns de euros.

Froito da importancia da nosa lingua no eido internacional e os seus vínculos coa lusofonía e a lingua portuguesa, o Parlamento galego aprobou hai 6 anos a Lei 1/2014, do 24 de marzo, a chamada Lei Paz Andrade que a día de hoxe segue sen desenvolverse malia ao sentir favorábel da poboación galega.

Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal os seguintes

ACORDOS

- 1. Instar á Xunta de Galiza e á Real Academia Galega a ampliar ao ano 2021 a dedicación do Día das Letras Galegas a Carvalho Calero.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a que poña especial interese en que todos os membros do goberno galego respecten a lexislación vixente e empreguen a lingua galega en todas as súas manifestacións públicas, nomeadamente o seu Presidente.**
- 3. Instar á Xunta de Galiza a que adopte medidas económicas extraordinarias para apoiar o sector da cultura e do Libro en galego.**
- 4. Instar á Xunta de Galiza a derrogar o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza e elaborar un novo marco lexislativo**

que conte co consenso das forzas políticas do Parlamento galego.

5. Instar á Xunta de Galicia a restituír o orzamento recortado durante os últimos anos, incrementando as partidas dirixidas á defensa e promoción da lingua galega e tamén as necesarias para implementar a Lei Paz Andrade.

6. Instar ao goberno municipal de Teo a impulsar campañas de dinamización lingüística e de promoción do uso da lingua galega, nas que teñan especial importancia a infancia e a mocidade”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Vázquez Rey.

A sra. Vázquez di que vai a explicar un pouco os puntos da moción, porque non concordan con todos. En relación co punto primeiro sinala que non ven ningún tipo de contrariedade e verían ben que se ampliara, como así mesmo se poden ampliar outras cosas para o ano que ven, polo que non teñen problema neste punto.

Tratándose do punto 2 da moción a sr. Vázquez sinala que se o Partido socialista de Teo o apoia, calquera persoa que estea nun goberno dunha Administración debería falar o idioma galego e pregunta se a partir de agora o sr. Moñino vai a falar sempre en galego.

Pregunta a sra. Vázquez se, de cara ao BNG, este tipo de política, baseada na lingua, quere dicir que un votante do BNG non debería falar en castelán, senón sempre promover a lingua galega, e pregunta se non quixerían que votase ao BNG alguén que non promovera a lingua galega e que non usara o galego no seu día a día, engadindo que coñece varios votantes do BNG que falan castelá e que lle indigna bastante, aínda que cada un decide libremente en que quere falar.

Tratándose das roldas de prensa do Presidente da Xunta, sinala a sra. Vázquez que cree que de maneira prioritaria fala en galego, e cando se expresa en castelán soe ser

porque o tema ten que ver con algún tema nacional ou as preguntas son es castelán ou doutro país ou da parte nacional.

Tratándose do punto tres sinala a sra. Vázquez que dentro do plan de reactivación da cultura a medida número un da Xunta de Galicia é a medida de apoio ao sector do libro, onde están incluídas axudas tanto para as feiras do libro, librerías, escritores, para imprentas, para ilustradores, etc, e limitalo so ao do libro, o tema do galego e da lingua galega, tamén debería ir máis alá e debería abarcar tamén o campo do audiovisual, cousa que a Xunta de Galicia ten contemplado.

En relación co punto catro da moción di que quixeran que lle explicaran que aporta de mal a lei de cara a que unha persoa cantos máis idiomas coñeza, mellor. Considera que hai que promover o galego, porén os índices de competencias educativas, de cara ao galego e ao castelán, non están tan dispares como para dicir que unha sobre a outra fai que se impidan mutuamente.

Sinala a sra. Vázquez que os orzamentos que se foron recortando foi debido a unha crise na que o bipartito tamén tivo lugar. De cara á promoción da lingua galega, hai que ter en conta que todas as leis de promoción lingüística que hai en Galicia están promovidas polo PP e o bipartito durante o seu mandato non promoveu ningún tipo de Lei da lingua, polo que están ben que o esixan porén no seu momento non o fixeron.

Sinala a sra. Vázquez que, de cara a todo o que se faga dende o Concello para promover o galego, o van a apoiar sempre.

Remata a sra. Vázquez a súa intervención sinalando que non van a ir en contra de calquera cousa que promova a cultura galega, porén tampouco van a apoiar claramente todos os puntos da moción do BNG, polo que se van a abster.

A concelleira de Son de Teo, sra. López, sinala que non vai a entrar no debate de si lingua si ou non, xa que todas as linguas suman, tamén o galego. A sra. López di que concorda co BNG en que hai leis autonómicas que teñen sesgado, e moito, a

promoción da lingua e hai datos que revelan que, por desgraza, o uso da lingua é cada vez menor. Agradece a sra. López que se traia ao Pleno o tema da lingua porque si que quería explicar que o Concello de Teo ten un servizo de normalización lingüística, co que non contan todos os concellos, e nalgunhas actividades si que dan amparo a concellos como os de Vedra, e nese senso hai que poñer en valor este servizo. Sinala que tamén quere poñer en valor o traballo en rede que fan os dinamizadores lingüísticos de moitos Concellos salvando moitas veces as trabas que pon a Administración e nese senso, en decembro de 2019, Teo pasou a formar parte da asociación de entidades pola lingua que o que pretende é, con escasos recursos, sacar adiante campañas que promocionen o uso da lingua.

A sra. López convida a que voten un vistazo á páxina web e que vaian cando queiran a falar con ela ou coa persoa responsable do servizo, engadindo que calquera proposta de mellora será benvida, engadindo que a súa concellería e ela mesma traballara sempre con moita alegría, porque así é como o vive ela, en galego.

A sra. Diéguez sinala que, como dixo a sra. Álvarez, non vai a entra nestas paparruchadas, de si este fala, este non fala, engadindo que se trata de estereotipos, como se ela dixera que todos os ricos votan ao PP, o cal sería simplificar demasiado. Sinala que o que si sabe é que non todo o mundo é Presidente da Xunta de Galicia, engadindo que o sr. Moniño non representa a todos/as os/as galegos/as.

Explica a sra. Diéguez que o Presidente da Xunta representa a todos/as os/as galegos/as con todas as particularidades, engadindo que hai unha lingua propia e que a use o Presidente da Xunta de Galicia significa que a está poñendo en valor.

Salienta a sra. Diéguez que hai unha lexislación e que se supón que hai que cumprila, e hai unha lingua, hai que potenciala e valorara e hai que poñer en valor todas as cousas que identifican os/as galegos/s e que poden axudarnos a sentirnos orgullosos e sentirnos nos.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, sinala que, como todos/as saben, o sr. Moñino non é galego falante, porén no Pleno de investidura do ano 2019, dada a relevancia do tema, falou en galego e se o sr. Moñino fai ese esforzo por falar en galego, o Presidente da Xunta tamén o pode facer.

Sinala que o de militantes do BNG que non falan galego, como argumentario lle parece unha cousa...,debéndose dar un pouco máis de seriedade ao argumentario, porque se pode discutir sobre a lingua, sen entrar no que cada un fala na súa casa. Di a sra. Lemus que lle chamaba a atención, que nin o Presidente da Xunta nin o Conselleiro de sanidade nin o Xerente do Sergas falaban en galego, e falaban de temas do COVID-19 en Galicia. Salienta que nunha declaración institucional en San Caetano se agradecería que os tres falaran en galego.

Sinala que comparaba as declaracións institucionais coas doutros presidentes autonómicos, na súa propia lingua. Considera que nun momento en que segundo os datos se está perdendo o uso deste idioma, é un símbolo, porén non hai que quedarse no punto dous, senón tamén en todo o resto.

A sra. Vázquez sinala que o do sr. Moñino no o dixo con maldade, dixo un pouco como exemplo de extremo. Explica que tampouco Retis era galego falante e cando falou en galego no Pleno houbo risas, por iso ela tamén se foi ao extremo do sr. Moñino.

Sinala a sr. Vázquez que se fala de que se perde o uso da lingua galega, que está moi ben promovelo na Administración Pública, porque debe ser de onde parta o exemplo, pero logo se di que de portas a dentro que cada un fale o que lle de a gana. Opina a sra. Vázquez que o galego se mantén se se promulga e se usa, se so se usa na Administración, e logo de portas a outro lado non se usa, non ten sentido.

A sr. Vázquez alédase de que o Concello teña un servizo de promoción lingüística porque fará que se realicen outro tipo de actividades, do día a día, dentro do que implica o social, e que faga que a xente adquira a conciencia de usar a súa lingua, sen

necesidade de desprestixiar a outro tipo de lingua, porque no sexa a súa, senón a nivel de integración.

Sinala a sra. Vázquez que ela defende o galego falándoo e escribíndoo, e incluso como emprendedora recente, dende que abriu a súa empresa, promoveu sempre durante o mes de maio un concurso literario en galego.

Remata a sr. Vázquez a súa intervención sinalando que se so se limita á política, moi ben por todos, porén eles sen van a abster.

A sra. López sinala que para que unha persoa poida vivir en galego, dende que nace ata que morre, moitos servizos teñen que estar implicados, dende o hospital, se naces nel, ata que te enterran, e todo o que pasa no medio, todo en galego, aínda nos estamos nesa circunstancia. Considera que iso é o que hai que loitar, que as persoa que queiran vivir en galego, poidan vivir en galego, porén se hai xente de fora que se achega vaiselle a acoller. Lembra que o día 1 de outubro é o día do orgullo neofalante e convida ao sr. Moniño e a todos/as os/as teenses que aínda non sexan falantes do galego, a que ese día dean o paso para vivir plenamente en galego.

O sr. Fernández di que está de oínte, pero dende o primeiro momento ata o último, dado o debate, dado o que se dixo, o galego está fatal, o idioma está tocado de morte, está en perigo, e non se pode esquecer que é a única herdanza real e inmaterial que hai.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

1. Instar á Xunta de Galiza e á Real Academia Galega a ampliar ao ano 2021 a dedicación do Día das Letras Galegas a Carvalho Calero.

2. Instar á Xunta de Galiza a que poña especial interese en que todos os membros do goberno galego respecten a lexislación vixente e empreguen a lingua galega en todas as súas manifestacións públicas, nomeadamente o seu

Presidente.

3. Instar á Xunta de Galiza a que adopte medidas económicas extraordinarias para apoiar o sector da cultura e do Libro en galego.

4. Instar á Xunta de Galiza a derrogar o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza e elaborar un novo marco lexislativo que conte co consenso das forzas políticas do Parlamento galego.

5. Instar á Xunta de Galicia a restituír o orzamento recortado durante os últimos anos, incrementando as partidas dirixidas á defensa e promoción da lingua galega e tamén as necesarias para implementar a Lei Paz Andrade.

6. Instar ao goberno municipal de Teo a impulsar campañas de dinamización lingüística e de promoción do uso da lingua galega, nas que teñan especial importancia a infancia e a mocidade.

9.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta o sr. Fernández se se se ten previsto e se van a facer tests ás traballadoras das EIMs cando se reanude a actividade

O sr. alcalde di que en principio non se sabe cando se van reanudar as clases.

O concelleiro da área, sr. Iglesia, di que de feito onte mandouse unha carta precisamente á Consellería de Política social para que aclarara cales son as normas

que rexen a apertura das EIMs porque o único que hai é unha nota de prensa do consello da Xunta e, en caso de que o Concello teña capacidade para abrir as EIMs, habería que saber cal sería o protocolo.

2.- O sr. Fernández refírese ao problema que houbo estes días pasados co río Ulla, que viña cunha mancha tremenda, e dicían que era barro. Sinala que saltaron as alarmas cando chegaba á ría da Arousa, ou polo menos foi cando el viu a noticia, aínda que sufriu as consecuencias na billa, e pensa que todos e todas. Roga ao goberno municipal, aínda que quizais xa o fixo, que esixa á Xunta de Galicia unha explicación do que pasou. Salia ademais que, de casualidade, nestes últimos días apareceu na prensa un anuncio de Augas de Galicia dicindo que a auga é o noso ben e que é de boa calidade. Considera o sr. Fernández que é necesario que se de unha resposta do que pasou ou se faga unha investigación do que pasou, resultando ademais necesario que cando se dea algunha circunstancia así que avisen, con independencia do que acontece nalgúns partes cando chove, engadindo que haberá que solucionaralo dalgúna maneira.

O sr. alcalde responde que de feito non se fixo, pero se fará, porque parece unha boa decisión, xa que cun pequeno aviso bastaba, e ademais sería unha actuación inmediata, con pechar a entrada da ETAP estaba solucionado o tema, porque hai os depósitos que poden garantir. Explica que o problema é que unha vez metido dentro, para liberar toda esa auga e recuperar a normalidade foi moi complexo. Remata o sr. alcalde sinalando que se pedirán explicacións.

3.- O sr. Fernández sinala que os veciños da Torre din que alí en Cacheiras teñen o pavimento da rúa que sube cara a Casa Común con moitos baches e fochancas e solicitan que polo menos se parchee un pouco aquilo. Supón o sr. Fernández que o Concello xa ten coñecemento deste tema, porén quería reafirmar esa demanda.

4.- Sinala o sr. Fernández que os veciños de Cornide din que a herba se corta e se deixa alí tirada na beiravía, engadindo que pensa igualmente que xa o comunicaron o Concello.

O sr. Elías sinala que non se recollen, que o tractor vai desbrozando e vai quedando, porque se non faría falla outra plantilla, engadindo que en Cornide si que se recolleu na

capela.

O sr. Fernández sinala que polo menos se podería facer nos espazos máis transitados.

O sr. Elías reitera que é un problema importante, porque a plantilla é reducida e os espazos son moitos, resultando ademais que este ano polas circunstancias aínda é mais complicado, e hai que facelo en pouco tempo.

5.- O sr. Fernández sinala que en Agosto cree que queda unha parte sen o saneamento, engadindo que non sabe se está previsto, e lle gustaría ter información ao respecto. Sinala que, polo que lle dixeron, queda pouco.

O sr. alcalde di que haberá que mirar, que a obra se fixo no ano 2009 e que non sabe exactamente que parte queda.

6.- A sra. Diéguez sinala que por onde está a de Fandiño á dereita, onde está o supermercado que agora está pechado, hai unha pista á dereita, con 4 ou 5 casas, nesa pista tamén hai algúns baches grandes que ó mellor tapándoos agora se soluciona sen ter que asfaltar a pista toda, porque esa pista estase destruindo.

7.- O sr. Fernández sinala que en Raxó, que agora púxose a beirarrúa esta de Raxó a Riveira, piden unha lombra. Sinala que cree que xa fixeron a petición, pero que o recalca porque lle comunicaron a demanda e trasládaa aquí, sabendo que xa se coñece.

8.- O sr. Fernández sinala que en Campos de Mirabel hai unha praciña pequena que ten tes ou catro árbores e dous bancos, que cree que é municipal aínda que tiña dúbidas, e os veciños o que piden é que se mire por podar as árbores.

O sr. Elías sinala que a parte dos bancos está bastante sucia, e hai que levar a máquina a presión e farase esta semana ou a que ven, xa que está moi embarrado, porque fai tempo que non se limpa. Sinala que mirará tamén o de podar.

9.- O sr. Fernández di que en Campos de Mirabel, no seu momento comentáralle a Xurxo, o anterior concelleiro, o tema de facer un aparcamento para motos. Trataríase de converter en aparcamento de motos un dos que hai. Lembra o sr. Fernández que o concelleiro anterior xa mirara daquela pero ao final non se fixo, pero si que é unha

reclamación dalgúns veciños. Explica que houbo algunha queixa, porque hai motos que utilizan un aparcamento enteiro de vehículos, polo que se podería mirar cal é o mellor lugar.

10.- Sinala o sr. Fernández que tamén alí tamén en Campos de Mirabel hai unha caseta, a eléctrica, que fai moitísimo ruído. Entende o sr. Fernández que é de Naturgy.

A sra. Lemus aclara que é de R, engadindo que foi onte a vela e que é infernal. Sinala que debe ter algún problema cun ventilador, engadindo que xa se falou con R.

11.- Tratándose das escolas infantís o sr. Fernández di que ten unha pregunta. Sinala que se trata dunha información que lle chegou respecto as EIMs, hoxe mesmo, e por iso quere preguntar para que llo confirmen. Pregunta o sr. Fernández se hai a pretensión de volver a sacar o concurso, engadindo que quere saber se é certo ou non, e se o fora estaría ben que se comentara.

O sr. alcalde di que a pretensión do Goberno é manter as EIMs coa xestión directa, ademais o concello está contento co que se leva facendo. O problema é que se adoptou un acordo de asumir a xestión directa das EIMs en base a uns criterios económicos e en base a unha situación económica determinada, que é a aplicación, igual que se fixo en todas as subrogacións, dos convenios de orixe, e demais. Porén o problema xurde no momento en que iso non se asume, parece ser, polos traballadores, que presentaron hoxe un escrito relacionado con ese tema.

O sr. Iglesias sinala que en todo caso o escrito foi posterior.

Continúa o alcalde dicindo que non se pode esquecer tampouco que, dende hai tres ou catro meses, hai unha denuncia no Xulgado dunha persoa en concreto pedindo a aplicación do convenio municipal. Comenta que a aplicación do convenio municipal en números rápidos son entre 450.000 e 500.000 euros ao ano, o que resulta inasumible baixo ningún concepto. Salia o sr. alcalde que o que non se vai facer é xogarse o Concello por defender ás garderías.

Explica o sr. alcalde que unha negociación ten cabida, porén o que non se vai facer é negociar se hai presión xudicial, porque de nada vale que se negocie se o xuíz vai dicir dentro de tres días que hai que aplicar o convenio.

Salienta que o que non se pode permitir é que esa sentenza chegue porque se chega habería que preguntarse qué fai o Concello. Salienta o sr. alcalde que esa é a preocupación, polo que expuxeron que se iso é así haberá que plantexarse todas as posibles solucións, incluída a privatización de novo.

O sr. alcalde explica que se trata dun problema moi complexo. Opina que hai razóns para pensar que as sentenzas xudiciais non lles daría a razón, ao non existir argumentos suficientes para a aplicación do convenio, pero as sentenzas as carga o demo, existindo tamén argumentos para dicir o contrario.

Sinala o sr. alcalde que entón, ou aquí a xente asume que o pasar á xestión pública é un ben, non hai máis que ver a situación que se deu durante a COVID, é dicir, se fose unha empresa privada non sería igual, pero tampouco pode conseguir que a xente, se non valora a xestión pública, a valore máis. Reitera que sempre están abertos á unha negociación sindical, que ademais era algo que todos tiñan claro e sempre defenderon, pero ten sentido mentres non exista risco de que un xuíz diga a palabra final.

O sr. Iglesias aclara que o que se falou, falouse no Comité de Empresa, na reunión da Mesa xeral.

12.- A sra. Diéguez pregunta para cando se vai a asfaltar a pista do Eo.

A sra. Lemus sinala que era das mesas de contratación que había no mes de marzo, porén agora haberá que retomala.

13.- A sra. Diéguez refírese á pista que vai por onde está a carpintería de Pereira e Sánchez, que vai de Agoso, polo medio do bosque, ata Ribas, engadindo que está bastante mal. Sinala que non vai dicir que se asfalte toda, pero polo menos os baches máis gordos sería conveniente, porque se está desfacendo toda.

A sra. Lemus sinala, en relación co dito anteriormente sobre a pista do Eo, que non é das que quedaran pendentas de marzo, senón que está pendente de licitar.

14.- A sra. Diéguez sinala que por onde vive ela hai varias casas abandonadas coas fincas abandonadas, entón todos os anos ten que vir a veciñanza ao Concello a pedir que as limpen. Sinala a sra. Diéguez que non sabe se o Concello pode ter como unha

especie de memoria ou un pouco de control, sen que teña que vir a veciña do lado, porque iso ás veces xera conflitos.

O sr. alcalde pregunta se se refire ás franxas forestais.

A sra. Diéguez resposta que si.

O sr. alcalde sinala que é difícil, engadindo que o Concello ten que velar pola limpeza das franxas e o Seaga será o que efectúe a limpeza, se non o fan os propietarios, e a costa destes.

A sra. Diéguez pregunta como funciona.

O sr. alcalde explica que hai un requirimento ao veciño e se non o fai antes do 31 de maio se impón unha multa directa. Sinala que a vantaxe que tivo foi que a xente tomou conciencia de que tiña que limpar, engadindo que a experiencia en Calo e Cacheiras foi positiva, polo que cabe espera que se xeneralice.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra sinala que no lugar de Sebe, á altura do número 49, piden que se poñan uns tubos nunha cuneta que hai moi fonda, engadindo que el cree que tamén se soluciona recheando a cuneta, porque está moi fonda e permite enchela un pouco se non se queren poñer os tubos.

2.- O sr. Guerra sinala que vaise referir a unha estrada, que cree que é a mesma á que se refería a sra. Diéguez. Sinala que a estrada que vai de arriba ao límite do Concello, a que baixa ao Eo dos Ferreiros, esa estrada, sobre todo na curva, está fatal.

3.- Sinala o sr. Guerra que a pista de Sebe á Pedra, que tamén xa a trouxo aquí algunha vez, segue no mesmo estado.

A sra. Lemus sinala que está prevista no POS, ao igual que a outra de Oza.

4.- O sr. Guerra sinala que en Vilanova, Recesende, hai un camiño de 100 metros lineais, no número 33, que da acceso a unha finca e a esa casa. Explica que está de terra e pide que se adecente.

A sra. Lemus di que se mirará.

5.- O sr. Guerra sinala que o camiño de Agoso a Rivas está nun estado lamentable, e non bastaría soamente con bachealo, engadindo que xa o trouxo ao Pleno unha vez cando gobernaba o sr. Noriega. Opina o sr. Guerra que había que anchealo un pouco e dotalo dunhas farolas cada cen metros, e non pode ser cada sesenta, ou cada cento vinte metros. Sinala que se trata dun camiño importante e de moito paso.

6.- Di o sr. Guerra que hoxe pasou por Recesende e as beiravías que están diante da taberna están invadidas de maleza.

O sr. Elías di que están traballando na zoa.

7.- O sr. Guerra pide que a pista de Malfurado, que non se arranxou en todo este tempo, debería bachearse un pouco, porque hai uns buratos que non se poden imaxinar.

8.- O sr. Guerra di que a estrada que baixa por Cornide, do campo da festa, a que vén de Bascuas, está destrozada. Pregunta que ten pensado facer o Concello.

O sr. Elías di que se reparou estes días.

9.- O sr. Guerra pregunta polo saneamento ao que tamén se referiu a sra. Diéguez, engadindo que tamén a el lle faláron moito do tema. Sinala que ao pasar a de Fandiño á dereita, cree que abaixo, sigue un camiño que sae á ponte do secado, e se cadra se podería enlazar aí, ou senón tamén hai outro que sae de fronte á casa de Suso de Naveira, a Cachóns, e quizás por aí se lle podía dar unha solución, habendo tamén un regato que baixa polo medio da aldea. Considera o sr. Guerra que hai posibilidades e se podería facer porque beneficia a sete ou nove casas.

10.- A sra. Rosende di que en primeiro lugar quería avisar que alí no Sisto, onde se

arranxou a fonte, hai 15 anos se puxera unha cartel, gravado en pedra, que agora non está, de que esa auga non era potable. Di que a xente está pasando camiñando estes días e despois de 15 anos non sabe se agora é potable, pero por se as moscas, habería que mirar. Explica que hoxe un neno pasou alí coa bicicleta e lle escoitou dicir “mamá vou beber”, entón saíu á fiestra a avisarlle de que non beberá porque a auga non era potable, e a señora dixo que alí non poñía nada, e por iso quedou de avisar. Salienta a sra. Rosende que habería que miralo.

11.- A sra. Rosende di que se limparon as cunetas desa estrada da parte de atrás, e hai xusto unha arqueta no comezo da estrada. Sinala que había unhas táboas postas por un veciño, segundo lle dixeron, e agora as máquinas ao limpar as arrancaron e quedou o burato.

O sr. Elías pregunta onde é.

A sra. Rosende aclárallo e di que é na que hai tantos accidentes. Sinala que habería que poñerlle unha tapa ou algo porque do outro lado hai outra, pero é imposible que caia alguén, pero nese si.

12.- A sra. Rosende sinala que, como xa dixera noutro Pleno, na estrada do Sisto que dende o ano 17 os veciños están pedindo o arranxo, a que baixa do Sisto ás Cruces, está que parece unha atracción. Explica que se trata dunha estrada que se usa moito, a maleza invade a estrada, e aínda que agora se cortou é imposible, non hai onde parar un coche cando pasa o outro. Salienta a sra. Rosende que hai que mirar por esa estrada como sexa, asfaltala e de paso darlle un pouco de ancho se pode ser.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cincuenta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz